

Guerra televisada

Andrew Hoskins

A experiencia colectiva da guerra a xeito de fenómeno global evolucionou a partir da mobilización de masas das dúas guerras mundiais e os avances técnicos dos medios de comunicación de masas do século vinte. Na altura de hoxe, a propaganda bélica ten formas máis obvias e insidiosas. A “propaganda nova” (Hoskins, de próxima publicación) é a guerra do século vinte, guerra que se libra por medio de nesgos pensados para distintos nichos de audiencia das proliferantes redes televisivas de noticias, que se distribúen entre audiencias televisivas cada vez máis fragmentadas dende os puntos de vista xeográfico, cultural e político. Cando cambiamos de canal advertimos que cabo da transmisión escollemos. A Televisión Fox é o exemplo obvio de propaganda nova, por causa da cobertura militarista e exitosa no que atinxe ós índices de audiencia da guerra de Irak do 2003. Sexa como for, tamén a CNN deu unha visión illante da guerra para as audiencias dos Estados Unidos de América e outra diferente para Europa e o resto do mundo. A competición global parece levar a que haxa cada vez máis provisión de “noticias como vostede queira”.

Esta tendenzas e evolucións teñen a súa historia, poi-los acontecementos mediáticos e militares vense conformados cada vez máis pola técnica, que fai posible que o campo de batalla se poida percibir a certa distancia de “seguridade” dende a que as audiencias poden ser testemuñas vicarias de espectáculos visuais de conflito cada vez máis grandes. Os avances técnicos da televisión foron, ata certo punto, ó pasados do aparello bélico moderno. As técnicas de comunicación dos traballadores da información permítenlle-la mobilidade e tamén a conexión que fai deles tanto recurso potencial coma potencial albo para calquera forza nos campos de batalla contemporáneos. Non é de extrañar, logo, que as conexións globais dos xornalistas de guerra e mailas organizacións informativas deran lugar a novas preocupacións verbo do papel que xogan á hora de contribuír verdadeiramente á guerra da que se lles requeriu información. Durante a guerra do Vietnam, as imaxes televisivas de cadáveres amoreados e de soldados estadounidenses feridos debilitaron o apoio dos estadounidenses ás etapas posteriores de aquel conflito prolongado. Contrariamente, durante Guerra do Golfo de 1991, puido verse como algúns xornalistas de televisión estadounidenses levaban uniformes caqui de deserto, chaquetas de combate e máscaras de gas: era esa a súa loita. Estes exemplos, ó cabo, suscitan cuestións verbo da función propagandística da televisión e doutros xornalistas, verbo da proganda favorable ó “inimigo” ou cómplice militarista do bando dos de “casa”.

A función propagandística das noticias de televisión durante o tempo de guerra foi atraendo cada vez máis a atención dos planificadores militares. O vinte e tres de abril do 2003, morreron polo menos dez persoas durante o bombardeo da OTAN á emisora central da Televisión Serbia en Belgrado, que se convertira en albo e pasou a ser parte da campaña contra o presidente Milosevic. Outros xornalistas tiveron máis sorte, pomos por caso ó comezo da Guerra do Golfo de 1991, cando Arnett, Shaw e Holliman da CNN contaron en directo os ataques da chamada coalición ós arredores de Bagdad por teléfono de conexión satelital para a audiencia global. As informacións daqueles xornalistas tiveron continuidade só porque os militares irakís e estadounidenses creron que as emisións servían ós seus propios fins, pero calquera dos dous exércitos podería impedirle a conexión en calquera momento.

Sexa como for, máis recentemente, os aparellos de conexión por satélite máis portátiles e de menos custo fixeron que a televisión en directo dende a fronte se convertise na nova norma da guerra televisada. En consecuencia, os riscos para os traballadores da información medraron enormemente. O doce de santos do 2001, poño por caso, as dependencias cadea de televisión árabe Al-Iasira recibiron o impacto de dous mísiles estadounidenses. Os estadounidenses declararon que aquel centro emisor de televisión era “unha instalación usada por Al-Caeda” na guerra que se estaba a librar durante a toma de Afganistán. En todo caso, segundo Gowing (2002), unha investigación da BBC confirmou que , “os militares estadounidenses non fan esforzo ningún para distinguir entre conexións de satélite lexítimas para a emisión de noticias e as comunicacións radiofónicas e de satélite identificables e pertencentes ó “inimigo”.

Cando a propia televisión se convirte nun albo, pode entenderse que é por causa da crecente “intersección” entre os medios de comunicación e o aparello de guerra. Moito se escribiu sobre este proceso reflexivo no que a cobertura de televisión parece intervir directamente e conforma-los acontecementos segundo se amosan en directo pola pantalla.

Aínda que a guerra de Vietnam se ten por fito do uso extensivo da elaboración e rescrita de noticias na televisión bélica, o feito foi que, nomeadamente durante os primeiros poucos anos da implicación estadounidense, a televisión produciu rutinariamente unha visión moi artificial e efectista da guerra. Arlen

(1969), poño por caso, escribiu que “os máis dos xornalistas poden facerse un idea do Vietnam nun par de horas de conversa ó serán que valen máis...do que acadaron (en complicidade cos seus editores e maillo seu público) durante seis meses de encher informacións de noticias duras e distanciadas”. As emisións televisivas que informaban sobre Vietnam sempre focaban as miudallas da guerra –centrábanse en acontecementos que se puidesen encaixar e empacquetar para adecualos ás estruturas dos informativos do serán.

Sexa como for, dende Vietnam, e con crecente impacto visual e inmediato, as imaxes de televisión viraron moito máis íntimas, intensa e altamente reflexivas. Reemitida pola ITV en Gran Bretaña e pola ABC en Estados Unidos de América, a voz de Peter Arnett, da CNN, e os seus comentarios arrepiantes sobre o bombardeo de Bagdad influíron directamente nos acontecementos dos primeiros días da Guerra do Golfo. Hai máis exemplos. Os atrapallamentos da fala dos xornalistas que retransmitían en directo dende as azoteas do deserto durante o inverno do ano 1991 formaban verdadeiramente parte do “fenómeno CNN” ou “efecto CNN” e eran parte tamén da cualidade da guerra que enganchou e fixo adictos ós espectadores, adictos á un “directo” decote simulado que era, ó tempo, unha experiencia televisiva nova. Vietnam non fora así en caso ningún –por máis dramáticas que foran as imaxes- porque a información sobre o Vietnam chegaba en prazos comodamente predicibles segundo a rutina diaria dos espectadores, quere dicir, durante os programas informativos. Por exemplo, a guerra do golfo desprazou con frecuencia o horario regular de toda a programación televisiva nos Estados Unidos de América, e a CNN converteuse nunha cadea que daba información durante as vinte e catro horas do día (Boden e Hoskins, 1995). Despois de 1991, foi ese o modelo que se adoptou para a información sobre conflitos bélicos, moi axudado pola proliferación de canles de información durante vinte e catro horas.

Dez anos despois, un onze de setembro do 2001, co uso do videoteléfono, o último da comunicación visual portátil, a CNN amosou cómo era que se lle disparaban mísis a Kabul. A reportaxe facía implicación forte de que os mísis eran o comezo dunha resposta dos Estados Unidos de América ós ataques terroristas que se produciran poucas horas antes. A verdade é que eran escenas de escaramuzas locais que xa estaban en curso dentro do propio Afganistán, máis do que unha resposta exterior. Vemos, logo, como o videoteléfono foi capaz de trasladar as visións dos acontecementos dos medios globais –con consecuencias potenciais serias.

No 2003 a guerra de Irak presentou o videoteléfono convertido en modelo de aparello da información de guerra, máis do que a xeito de excepción; a inmediatez visual converteuse no valor máximo. Máis de seiscentos xornalistas incrustáronse nas forzas nomeadamente estadounidenses con case un cento de cámaras móbiles de televisión ó longo do campo de batalla. (Compárese isto co control aparentemente moito máis estrito que se impuxo durante a guerra do golfo, cando, polo menos inicialmente, a coalición só permitiu doce fotografías entre unha tropa de medio millón de homes distribuídos por unha vasta área de deserto). Unha cuestión crucial que suscitou este tipo de información foi a da medida en que os xornalistas incrustados podían manter a esperanza de seren imparciais. Philip Knightley, por exemplo, observou que os incrustados “perdían loguño logo a capacidade de distinguir entre guerreiro e correspondente de guerra en falaban e escribían de “nós” dando na repetición aborrecedora” (2003, p. 9).

A paisaxe de emisións transformouse dende a Guerra do Golfo de 1991, coa fragmentación do cadro de persoal Americano-Occidental previamente dominante. Se a CNN proveu a que foi case a única televisión por satélite globalmente asequible a elaborar noticias durante 1991, diferentes culturas (tanto en Occidente coma nos países árabes) viron Al-Iasira, Abu-Dabi ou calquera das emisións por satélite relativamente novas provintes de países árabes. Os xornalistas desas televisións tiñan historias e motivacións diferentes e daquela construíron diferentes cadros de persoal por medio dos que encadra-la a chamada “segunda” Guerra do Golfo. Pomos por caso que a canle de televisión por satélite Al-Arabia sempre falou do conflito chamándolle “Terceira Guerra do Golfo”, por entender que o conflito de oito anos entre Iran e Irak foi a “primeira” Guerra do Golfo. Entrementres, a CNN (estadounidense) e a CNN Internacional (CNNI) dividíronse á hora de dar cobertura durante a guerra toda. As audiencias estadounidenses recibiron informacións máis atentas á preponderancia militar e política de Estados Unidos de América durante a guerra, mentres que a CNN internacional declarou ofrecer un punto de vista máis internacionalista para espectadores de fóra dos Estados Unidos de América.

A crecente competición entre as cadeas de televisión adicadas ás noticias, o inusual número de fontes e a velocidade das comunicacións recibidas dende a zona de guerra, combináronse para producir informacións televisivas guiadas polos rumores sorprendentes. Un dilema crucial para as cadeas televisivas é o de cando emitir unha historia sen verificación, arriscándose a ter que se desdicir ou retirala información pouco despois, ou absterse de emitila, esperar, e acabar vendo como un competidor é o primeiro en emitila. Con todo, malia a inmediatez visual, a visión televisiva da guerra de Irak parécese máis á do Vietnam cá da guerra do Golfo de 1991. A tendencia a elaborar informacións de actualidade sen límite sobre acontecementos da área de conflito, aínda que ofrecese imaxes da batalla ocasionalmente

vívidas e dramáticas, contribuíu nomeadamente a dar imaxes fugaces máis ben pobres e descontextualizadas.

Non é de estrañar, logo, que o verdadeiro impacto que as imaxes de televisión en directo teñen nos resultados do confrontamento bélico fose cousa que entrase cada vez máis no debate crítico. Gowing (1994), por exemplo, mantén que as imaxes de televisión en directo non adoitan altera-la política do goberno, aínda que poidan altera-la retórica e presentación da administración. Sexa como for, cita un par de excepcións: en primeiro lugar, as imaxes dos cadáveres de soldados estadounidenses arrastrados polas rúas de Mogadiscio aceleraron a decisión de Clinton de retira-las tropas de Somalia; en segundo lugar, as imaxes dos Kurdos atacados por Sadam Hussein no norte de Irak, que levaron ó establecemento de “refuxios” por parte das Nacións Unidas. O efecto “reflexivo” das imaxes en directo ou doutro tipo pode logo atribuírse ó que resulta palpable para determinada audiencia nun momento tamén determinado.

Fóra do bucle do “tempo do acontecemento” da propia guerra, as audiencias quizais sexan menos sensibles ó retrato que a televisión fai das consecuencias do conflito armado, quere dicir, segundo as imaxes pasan de ser noticias a historia, resultan menos conmovedoras. Isto é parte do efecto do que se chamou “intervalo do cadáver”, que é o tempo que transcorre entre o momento no que un corpo cae ou é mutilado en guerra e se rexistra na cámara e, por outra banda, o momento da emisión (Khan, 1992). O intervalo do cadáver nas emisións televisivas reduciuse de días e semanas –como era o caso nas emisións que informaban da guerra do Vietnam- á visión poencialmente instantánea da actualidade –véxase o apuntado por Paul Virilio (1989), que vincula a historia do armamento bélico cos cambiantes campos e formas de percepción. Sexa como for, mesmo as imaxes en directo, transmitidas e recibidas no momento en que están a acontece-las cousas, poden limpase. As escenas de xente que se tiraba ó baleiro para fuxir das torres xémeas incendiadas en Nova York en setembro do 2001, poño por caso, non se emitiron en planos curtos nas máis de cadeas televisivas informativas, aínda que esas mesmas imaxes se imprimiron con tódolos seus detalles terroríficos nos medios impresos e apareceron moito despois nos documentais de televisión.

Malia dar pé a máis informacións en directo do que en ningunha guerra anterior, as máis das coberturas informativas das televisións occidentais sobre a guerra de Irak limpáranse moito. En todo caso, había imaxes moito máis precisas e significativas nas emisións de televisión por satélite dos países árabes –por exemplo, imaxes de estadounidenses mortos ou presos que inicialmente non se emitiron nas televisións estadounidenses, pero que as audiencias estadounidenses podían ver por medio de Al-Iasira ou da TV Abu-Dabi. Entón, malia a actualidade das informacións televisivas sobre a guerra de Irak, deuse unha desconexión máis grande entre as imaxes da maquinaria e a mecánica da batalla e, por outra banda, as horribles consecuencias do uso das armas. As probas visuais das consecuencias víanse nos mais dos casos dende moita distancia, e quedou só para unha parte da prensa británica o traballo de detalles máis precisos e gráficos da guerra –véxanse, nomeadamente, os traballos de Robert Fisk aparecidos no xornal inglés *The Independent*.

En conxunto, fomos testemuñas do cambio que nos levou dos conflitos mundiais epocais que alteraban unha ou dúas veces a nosa vida a nos encarar cunha corrente continua de guerras nas pantallas de televisión que requiren a nosa resposta (Shaw, 1996). A intensa conectividade global da televisión abre unha canle potencialmente continua que, aínda que permite a inmediatez aparente da visión, faino a conta dos riscos cada vez máis grandes que corren os que informan dende as zonas de conflito. Ó mesmo tempo, a competición crecente entre os emisores levou ó desenvolvemento de novas formas de propaganda e relacións entre medios e militares que, cada vez máis, determinan o contido das informacións de guerra. O “campo de percepción” hoxe técnicamente ampliado pode ofrecer unha inmediatez e espacialidade aparentemente globais para a emisión televisiva da guerra mais, irónicamente, non nos dá unha imaxe máis clara, realista e obxectiva.

Lecturas recomendadeas

Hoskins, Andrew (en curso de publicación) *Gulf Wars: Media, Conflict and Memory*, Londres: Continuum.

Taylor, Philip M. (1992), *War and the Media: Propaganda and Persuasion in the Gulf War*, Manchester: Manchester University Press.

Sobre o once de setembro

Para conmemora-lo once de setembro do 2001, o programa de Channel Four (da BBC) *In Memoriam: New York City* proclamou que aquela catástrofe foi “O acontecemento máis documentado da historia”. É unha declaración salientable, tamén foi a catástrofe con máis testemuñas da historia, vista pola audiencia global en televisión segundo acontecía. O rexistro televisivo colectivo dos acontecementos do once de setembro en noticias e documentais que se emitiron dende entón dependeron moito das cámaras que tiñan moitos residentes do centro de Nova York. Segundo suxeriu Taylor (1992), os avances técnicos dos medios de comunicación transformaron o papel dos civís en “testemuñas da guerra” (véxase tamén Carruthers, 2000; Tumber, 2003). Á vista de que xornalistas son “testemuñas activas dos acontecementos”, grande parte da historización televisiva do once de setembro implica a fusión do público co privado, do amateur co profesional. A televisión remediou a incredulidade e as aterrorizadas narracións persoais coas rexistradas en informacións amateur que reunían moreas de puntos de vista – tanto internos coma externos- das torres xémeas e da súa destrución. Á vista de que outras catástrofes e guerras do pasado tiveron remedio e reinterpretación na televisión ós poucos, segundo se ía atopando, desclasificando ou recadando máis material, probablemente non haxa moito máis que ver do once de setembro.

Sexa como for, díxéronse moitas cousas da visión globalizante e globalizada que ofreceu a CNN do 11 de setembro e doutros acontecementos da década pasada ou pouco antes. Volkmer (2003), por exemplo, sobrevalora o papel da CNN á hora de forxar un “espazo público global, extra-social”. Porén, pouco despois do 11 de setembro, as audiencias de televisión recibiron moi diferentes interpretacións e contextualizacións dos acontecementos e da subsecuente guerra en Afganistán. O servizo doméstico da CNN restrinxiu moi logo a cobertura intensamente visual e patriótica (caracterizada por bandeiras, lemas e estandartes) ó mercado doméstico, mentres-la CNN internacional (CNNI), que só se pode recibir fóra de Estados Unidos de América, ofrecía unha interpretación e contextualización máis crítica dos acontecementos.

As devanditas diferencias de cobertura advertíronas moi claramente as audiencias de minorías étnicas, segundo as identificou o estudo de Mary Gillespie, “Despois do 11 de setembro: As noticias de Televisión e as audiencias transnacionais”. Esta importante investigación apreciou “unha grande falla de confianza nas informacións televisivas británicas e estadounidenses” entre os musulmáns británicos, por exemplo, que estaban preocupados pola “información sensacionalista e as perspectivas limitadoras, tamén polos nesgos anti-árabes e anti-musulmáns” (Gillespie, 2001). Xulgábase tamén que as informacións televisivas británicas servían en grande medida ós intereses estadounidenses.

A saturación e maila cobertura de acontecementos da televisión globalizante supón, logo, desafíos novos para a conformación dos rexistros históricos. Canto máis grande é o acontecemento e máis logo se documenta en televisión (gracias ó mundo sinóptico da CNN), máis difícil é aprecia-las continuidades históricas (máis cás rupturas). Dayan e Katz (1992), pomos por caso, manteñen que os historiadores están cada vez máis asediados polos acontecementos mediáticos e polas correspondentes narracións que xeran á hora de forxar rexistros históricos. Non ten dúbida que parte da grande cantidade dos acontecementos do once de setembro deberon moito á mediación global instatánea e a documentación das masas. Porén, o que aínda está por xulgar é se a televisión a xeito de testemuña global vai ser acusada, andando o tempo, de “mala mediación” e se as catástrofes que non acontecen nos países occidentais e non se televisan entrarán algunha vez proporcionalmente na memoria colectiva e na propia historia.

Lecturas recomendadas

Hoskins, A., “Television and the Collapse of memory”, *Time & Society*, vol. 13, no. 1

www.afterseptember11.tv.

Zelizer, B. e Allen, S. (eds) (2003), *Journalism After September 11*, Londres: Routledge.

BIBLIOGRAFÍA

Arlen, Michael J. (1969), *Living-Room War*, Nova York: The Viking Press.

- Boden, D. e Hoskins, A. (1995), "Time, Space and Television", comunicación presentada no segundo congreso da revista *Theory, Culture and Society*: "Culture and Identity: City, Nation, World", Berlín, 11 de agosto de 1995.
- Carrithers, S. L. (2000) *The Media at War: Communication and Conflict in the Twentieth Century*, Basingstoke: Macmillan.
- Dayan, D. e Katz, E. (1992) *Media Events: The Live Broadcasting of History*, Harvard: Harvard University press.
- Gillespie, M. (2001) Audience Research Study, "After September 11: TV News and Transnational Audiences" Project (véxase tamén <afterseptember11.tv>
- Gowing, N.(1994), "Real-Time Television Coverage of Armed Conflicts and Diplomatic Crises: Does it Pressure or Distort Foreign Policy Decissions?", Working Paper 94-1, Harvard University, The Joan Shorenstein Barone Centre on the Press, Politics and Public Policy, John F. Kennedy School of Government.
- Gowing, N. (2002), "Don't Get in Our Way", *The Guardian*, 8 de abril.
- Hoskins, A. (2001), "New Memory: Mediating History", *The Historical Journal of Film, Radio and Television*, vol. 21, n. 4, pp. 191-211.
- Hoskins, A. (2004) *Televising War: From Vietnam to Irak*, Londres: Continuum.
- Kahn, Douglas (1992), "Body Lags" en Nancy J. Peters (ed.), *War After War*, San Francisco: City Lights Books, pp. 43-6.
- Knightley, Ph. (2003), "History or Bunkum?", *British Journalism Review*, vol. 14, n. 2, pp. 7-14.
- Shaw, M. (1996) *Civil Society and Media in Global Crises: Representing Distant Violence*, Londres: Continuum.
- Tumber, H. (2003), "Reporting under fire; the physical safety and emotional welfare of journalists" e Barbie Zelizer e Stuart Allan (eds.), *Journalism After September 11*, Londres: Routledge, pp. 247-60.
- Virilio, P. (1989), *War and Cinema: The Logistics of Perception*, Londres: Verso.
- Volkmer, I. (2003) "Journalism and political crises in the global network society" en Barbie Zelizer e Stuart Allan (eds), *Journalism After September 11*, Londres: Routledge, pp. 235-46.
- Zelizer, B. e Allan, S.. (eds) (2003) *Journalism After September 11*, Londres, Routledge.